


COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE XULLO DE 2014

Apróbase por asentimento:


- (i) A acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 10 de xullo de 2014¹.
- (ii) A Resolución provisional de adxudicación das prácticas ofertadas para a materia Prácticas externas para o curso 2014-2015 e a delegación no Sr. Coordinador profesional, o letrado D. Marcos Vázquez Guzmán, a elevación a definitiva da devandita Resolución. A resolución provisional pode sufrir algunha modificación, que, no seu caso, favorecerá as preferencias inicialmente manifestadas polo alumnado, xa que dúas alumnas expresaron a súa intención de renunciar ao despacho que se lle adxudicou provisionalmente para realizar as súas prácticas en institucións ou despachos distintos aos inicialmente ofertados. Se esas renuncias se fan efectivas antes de que a lista se eleve a definitiva, pode producirse algún cambio, que será oportunamente comunicado².
- (iii) O Plan de Acción Titorial do Máster Universitario en Avogacía para o curso 2014-2015³.
- (iv) A realización da Xornada de Acollida do Máster Universitario en Avogacía para o curso 2014-2015⁴.
- (v) Modificar o calendario de actividades docente e de avaliación do Máster universitario en Avogacía para o curso académico 2014-2015 aprobado na reunión de 10 de xullo de 2014⁵.

Ourense, 23 de xullo de 2014



Marta Fernández Prieto
Secretaría da Comisión Académica

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía celebrada o día 22 de xullo de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 23 de xullo de 2014.



Concepción Martínez Martínez
Secretaría do Decanato da Facultade de Dereito

*Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

¹ Achégase copia da acta aprobada.

² Achégase copia da Resolución provisional aprobada.

³ Achégase copia do PAT aprobado.

⁴ Achégase copia do díptico da Xornada de acollida.

⁵ Achégase copia do novo calendario académico aprobado.